

Curso

Conversa en Inglés (20 horas)

**CENTRO DE EMPRESAS ACCEDE
PAPAGAIO**

1. Introducción

O **SERVIZO DE CONVERSA EN INGLÉS** consiste na **posta a disposición das persoas usuarias do Centro de Empresas Accede Papagaio do Concello da Coruña** dunha bolsa de **formación práctica** en conversa en inglés.

Estas horas repartiranse entre os meses de **novembro e decembro de 2017**.

A duración das sesións do **[ECS] - ENGLISH CONVERSATION SERVICE** estará arredor dos 90 minutos, podendo variar en función do número de persoas que asistan a cada unha delas. O detalle das **datas, horas e persoas** participantes virá determinado polo **Concello da Coruña**.

Traballarase preferiblemente con grupos reducidos de persoas (4 ou 5) para obter os mellores resultados de cada unha das sesións.

Por medio desta formación propónse a mellora dos aspectos lingüísticos de comprensión e expresión oral en inglés das persoas participantes, consolidándose a súa aprendizaxe con exercicios e dinámicas preparados con esta finalidade e adaptados aos seus perfís.

O profesorado compórase de profesionais nativos, altamente cualificado e cunha grande experiencia docente.

Os obxectivos do **[ECS] - ENGLISH CONVERSATION SERVICE** son que as persoas participantes nas sesións formativas grupais poidan:

- Expresar correctamente información persoal en inglés como a súa idade, estudos, traballo, etc.
- Aprender a desenvolverse en situacións cotiás (restaurantes, aeroportos, hoteis ...). Ser capaces de manter unha conversación a nivel xeral ou técnico.
- Coñecer, mellorar ou profundar as diferentes estruturas gramaticais.
- Recrear situacións habituais en reunións profesionais, negociacións, etc.
- Expresar opinións, comentar noticias, actualidade.
- Facer unha presentación de empresa, do servizo, proxecto ou produto.
- Mellorar a pronunciación e fluidez na expresión oral en inglés.

2. Contidos e relator

Os contidos a desenvolver de forma práctica son:

- Estruturas gramaticais empregadas na conversa.
- A linguaxe en situación cotiás e de negocios.
- Presentacións persoais e presentación empresariais ou de produtos, servizos ou proxectos.
- Defensa de argumentos e negociación e expresión de opinións.
- A forma na conversas: fluidez e pronunciación.
- Facer unha presentación de empresa, do servizo, proxecto ou produto.

Relator: Christopher Maurer

Profesional cunha ampla experiencia como profesor e tradutor, emprega as súas habilidades para ofrecer clases dinámicas e de alto nivel a persoas e empresas que poidan aprender e mellorar o seu nivel de inglés nun ambiente profesional e distendido.

Nado nos EE.UU., conta cun Máster de Literatura Española pola Saint Louis University, unha Licenciatura en Periodismo pola University of Missouri e unha Licenciatura en Filoloxía Hispánica pola University of Missouri -Columbia.

Foi coordinador do Woodhaven Learning Center, en Missouri (EEUU), traballou como profesor, profesor asociado e tradutor en diversas empresas e centros, como Chalmore Language Solutions (Madrid), AT Learning International (Madrid) ou Momentum English (A Coruña). Acostumado a impartir formación in company en empresas de diferentes tamaños e sectores, traballa de xeito fluído con documentación e linguaxe técnica propia de diferentes sectores de actividade.

3. Metodoloxía

O [ECS] - **ENGLISH CONVERSATION SERVICE** estenderase durante os meses de **novembro e decembro de 2017**, en sesións de **unha hora e media** de duración, nos días e horas que estableza o **Centro de Empresas Accede Papagaio**.

Para unha correcta prestación e coordinación do **SERVIZO**, as datas e horas de prestación do mesmo deberán de comunicarse cunha antelación razoable.

O **SERVIZO** prestarase nas instalacións do **Centro de Empresas Accede Papagaio**.

Ao remate do **SERVIZO** elaborárase un informe de progreso das persoas participantes, xunto cunha relación de asistentes, datas e horas das sesións que se celebren.